

**A Guarda**

Percórrese a ruta do Camiño portugués da costa o 10 de xaneiro

Páxina 5

**Oia**

Celébrase o Certame de corais en Santa Mª de Oia

Páxina 7

**O Rosal**

Xa se coñecen os gañadores do III concurso de beléns do Rosal

Páxina 7

## A alameda de A Guarda luce nova cara despois dunha profunda remodelación



O día 18 de decembro celebrouse a inauguración. Por mor do tempo, os actos preliminares leváronse a cabo no salón de actos do Centro Cultural. Asistiron o Delegado do Goberno en Galicia,

Antón Louro, o Subdelegado do Goberno en Pontevedra, Delfín Fernández, o alcalde de A Guarda, J. Manuel Dguez Freitas e unha nutrida representación de concelleiros.

Páxina 5

### O BNG propón incluír a praza de abastos da Guarda no Fondo Estatal de Investimento Local 2010

O BNG considera esta obra como unha actuación destinada a promover a actividade económica non só da praza de abastos se non da zona que a rodea pola dinámica comercial que xenera. O portavoz municipal do BNG, Xan Lois Lomba, anunciou diante dos representantes e comerciantes da praza de abastos a proposta da forza nacionalista de incluír a remodelación da praza de abastos da Guarda no Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local 2010.

Pax 6

### O Parlamento de Galicia aproba a indicación xeográfica protexida para o kiwi galego



O Parlamento de Galicia aprobou a demanda de que o kiwi producido en Galicia teña a indicación xeográfica protexida "Kiwi de Galicia". A deputada do PPdeG encargada

da defensa da Proposición non de Lei Rosa Oubiña Solla, defendeu no seo da Comisión a importancia desta indicación para manter a rendibilidade da produción.

Pax.4

### Cultura de Tomiño asina o convenio para financiar a restauración de cruceiros e lavadoiros

A concellería de Cultura, Educación e Participación Veciñal asina, coa Asociación de Veciños O Arbol, o convenio que permite financiar as obras de restauración e recuperación dalgúns Cruceiros e Lavadoiros de Tomiño. As obras, cuxa financiamento fora comprometida polo tenente-alcalde, Jesús Castiñeira, coa Asociación de Veciños O Arbol de Vilachán, desenvólvense ao longo deste ano, aínda que a tramitación xa se iniciara en 2008 coa petición de licenzas e permisos, tanto a patrimonio como á área de urbanismo da propia entidade local.

Pax 4

**Tomiño**

### Obras para abastecer de auga ao pavillón de Sobrada

A concellería vén de emprender a construción dun pozo con bombeo para subministrar auga ao pavillón de Sobrada.

Páxina 4

**Tui**

### A asociación de discapitados Vontade presenta nova curta

Está dirixido por Xes Chapel de Zoa Media e interpretado integramente por persoas, con algún tipo de discapacidade, membros da asociación.

Páxina 7

## EDITORIAL

## As xogadas do “xadrez político” de Louzán

**A**ninguén se lle escapa que detrás deste afán do Partido Popular por chegar ao poder dos diferentes concellos gobernados por socialistas e nacionalistas na provincia de Pontevedra está a man de Rafael Louzán.

O actual presidente da deputación de Pontevedra está a facer encaixes imposibles para arreballar as alcaldías ás formacións políticas adversarias. Así, entre os concellos incluídos dentro do partido xudicial de Tui, xa levou a cabo as súas malintencionadas xestións no concello de Mos que sufriu unha moción para apear a Nidia arévalo (PP) á alcaldía. En tomiño tamén fixo algúns movementos que ata agora non prosperaron.

Pero o interés de Louzán non é, precisamente, porque existan concellos no distrito de Tui (que comprende o Baixo Miño e máis a Louríña) senón que nas vindeiras eleccións neste distrito xógase un deputado máis. O cal



quere dicir que coa actual composición política nos concellos desta zona non está moi seguro que ese deputado pase a engrosar a lista do PP. Pensemos que o panorama cambiou moito de cor dende as últimas eleccións. O Porriño, Salceda e Tomiño teñen gobernos do BNG, o concello de A Guarda está nas mans do PSOE, isto quere dicir que veñen facendo un traballo político que non vai en dirección PP, precisamente.

Louzán sabe que a cousa está moi disputada. Xa nas últimas eleccións cando estaba a punto de rematar o recuento de votos e de deputados o PP ti-

ña perdido a Deputación de Pontevedra. Foi na Estrada onde se fixo co último deputado que lle daba esa maioría axustada da que hoxe disfruta. Iso significa que calquera corremto de votos nun distrito electoral, non controlado polo PP, pode dar ao traste co seu poder na Deputación.

Por iso dicimos que o traballo de Louzán non é político, de partido, e menos de preocupación de se os cidadáns están mellor ou peor gobernados polos outros partidos. O seu traballo é personal; xógase o seu futuro político.

Podemos imaxinarnos a situación

política de Louzán, dentro do PP, sen o poder da Deputación? que podería aportar, nesa situación, ao Partido Popular? E, o que resulta máis complicado, que faría el como simple concelleiro de... (non sabemos por onde se presentará)?

Feijóo tería que debararse os miolos para buscarlle acomodo dentro do organigrama do goberno da Xunta, e a cousa está moi xusta. Existen nestes momentos unha morea de afectados esperando que se produza o mínimo oco para meter o fuciño e facerse con soldo fixo que agora non teñen. Son ex-cargos políticos, son deputados galegos que quedaron fora nas últimas eleccións da Xunta, etc.

Resumindo; Louzán está traballando polo seu cocido. As declaracións de que busca o mellor para cada concello son argumentos ad hoc para non descubrir as súas cartas. Pero nesta partida todos, xogadores e observadores, coñecemos con que trunfos conta.

## Caralladas Sou-tilas

Pedro Souto González

- **“Idioma de museo”**.- O Presidente do PP en Lugo dixo: “Nosotros tenemos una alta consideración por el gallego y me parece acertada la política de Feijóo de no aceptar la imposición”. É razoable. En tan alta consideración o teñen (supoñendo que se refira ó idioma), que o queren recluir nos museos. Parécelle ben que Feijóo non acepte a imposición do coñecemento do idioma propio. ¿Teñen en conta Feijóo e máis el a cantos galegos nos fode que nos impoña o castelán se nos sentimos multilingüistas do que nos peite, mesmo dun idioma mundial para descolonizármonos, dunha vez por todas, tamén no eido dos idiomas. ¡¡Coitados!!

- **“Trasnos no meu ordenador”**.- Cando quero escribir coxo, o bicho este corrixeme e escribe “cojo”. Teño que volver a tras e correxilo a el. Pregunto a quen saiba disto: ¿É a miña ignorancia informática, teño un ordenador moi listo ou metéronseme nel os Excmo. Feijóo e a Excmo. Gloria do bilingüismo harmónico-cordial-unidireccional-castelán? Gracias.

- **“Educación-formación infanto-xuvenil”**.- Algúns laiaímonos da diarrea lexislativa que nos ateiga. Outros afirman que: “Os gobernantes gustaríalle controlar ata o clima; pero tamén é certo que segundo a sociedade, os pais-titores, neste caso, van abdicando das súas obrigas, son os poderes públicos quen, encantados, as absorben”. Cando nos criaron a

nós, faltaba pan e sobran “principios”. ¿Non sería posible compatibilizar pan e principios? Preguntábanme, nunha conversa, se seguen estando nos dicionarios os nomes de: respecto, vergenza, humildade, pudor, pundonor...Si, pero só nos dicionarios. E remataban con outra pregunta: ¿Non nos relacionamos con demasiada desconfianza mutua e con excesiva retesía entre as persoas? Parece obvio. Por calquera nimiedade se arma a liorta. ¡Coidadiño con reprender a un cativo!

- **“Auctoritas”**.- F. Savater escribe: “Hai que reforzar a figura do profesor: que teña rango de autoridade pública e respecto social”. É unha opinión. Outras defenden: “Auctoritas, toda; respaldo e prestixio sociais, cantos máis mellor. Rango de autoridade pública, ningún. Analise sería de porqué chegamos a onde estamos respecto de toda a problemática educativa-formativa, tamén

- **“¿Para que estudar Galego?”**.- O Excmo Feijóo dixo: “A liberación se produxo (...)”. Se Fernández Albor, cando chegou á presidencia da Xunta, fomentase o deber de coñecer o idioma para fomentar o seu uso correcto e cotiá, hoxe, o actual Excmo. diría: “A liberación produciuse (...)” ¡Que noxo!

- **“Excomuñón”**.- O meu veciño de páxina e amigo, José M<sup>a</sup>. Pin Millares escribiu que, segundo o art. 1331do Código de Dereito Canónico a quen a Xerarquia Eclesiástica lle negue a comunión, a par-

ticipación en cerimonias de culto sagrado e desempeñar cargos eclesiásticos está excomulgado. Cando o meu amigo Queifás o leu, dixo: “¡Eu son un autoexcomulgado porque hai tempo que cumpo esas premisas per me!”

- **“Mentes espelidas”**.- As preclaras mentes políticas, que nos cobran por administrar a res pública, lexislan sobre o ladrillo cando este nos chega ó pescozo e contra a contaminación cando a merda nos afoga. O longo prazo, para eles, remata nas próximas eleccións. O máis longo prazo: catro anos. ¡Así nos vai!

- **“Empacho de monarquía”**.- Acabo de ver un partido de tenis, no que estaba presente a S.A.R. o P. de A. O partido non sei; pero a S.A.R. estaba (...). ¡Qué empacho! Estes apoloxistas monárquicos serían os primeiros en se apuntaren á República se un día nos permitisen recuperar a maioría de idade política e puideramos eleixir, democráticamente, o sistema e á persoa que o lidere.

- **“Inxenio xornalístico”**.- Hai uns días, finou Prado y Colón de Carvajal, amigo (non sei se del alma ou del corazón) da S.M. el Rei e que pasou polo trullo por meter a man nalgún cazo. Cando deron a noticia na TV. das Españas, ó titular engadíanlle: “A súa enfermidade agravouse nos derradeiros días” Esta frase deberá figurar na antoloxía dos subtítulos xornalísticos con inxenio.

- **“¡Pobre Xesusristo!”**.- Coñezo un

Sr. arrodeado de crucifixos. Un na cabeceira da cama; un no coche (estes de mutuo acordo coa súa dona) e outro (moi persoal) que, dende que parcou nos Cursillos de Cristiandade, moi de moda alá polas décadas 60-70 do século pasado {“o mudar de vontade e ditame é efecto da racionalidade e prudencia” (Fr. P. Sarmiento)}, leva, sempre, no seu peto. Estes antecedentes non lle impiden propugnar a desaparición desta imaxe dos colexios públicos e privados/subvencionados. Porque, preguntábase el: “¿Asíste-me a min algún dereito de imporlle a un veciño a colocación dun crucifixo no seu fogar, no seu coche, no seu peto? ¿Zaparíaio Xesusristo?” Son reflexións dun meu amigo que, obviamente, non están a altura das que aluman as “infallibles” mentes da Xerarquia Católica-Apostólica-Romana-Españolísima que teima en nos impor, a todos, esa respetable, pero moi triste imaxe de Quen foi ledicia, nos centros escolares que habitan mentes tenríñas e alegres. ¡Ai, Señor, Señor! Estes, se os deixan, non quitan os crucifixos; pechan as escolas.

- **“En memoria”**.- Lema: “A Deus tamén lle gusta que lle falemos en galego” (Mons. Araújo Iglesias)

- **“Na honra do idioma galego”**.- Louvados sexan os nosos antergos que nolo legaron: “O galego que non fala / a lingua da súa terra / Nin sabe que ten de seu / nin é merecente dela”.

## O concello de Tomiño investiu máis de 2 millóns de euros en saneamento durante o ano 2009

REDACCIÓN/TOMIÑO

O Concello de Tomiño investiu máis de 2 millóns de euros en saneamento durante o ano 2009. As principais intervencións realizadas foron as do casco urbano de Goián (1,7 millóns de euros), próxima a rematarse; Pedra do Couto (100.000 euros) e a que vén de iniciar a concellería de Medio Ambiente do concello de Tomiño en Vilar de Matos (Forcadela).

Esta última obra permitirá poñer en servizo o saneamento realizado sobre a estrada Tomiño-Couso e posibilitará tamén o acceso ao servizo dos barrios de Cotro e Costa. A acción, cun investimento de 150.000 euros, realízase con cargo ao Fondo de Investimento de Aqualia, empresa concesionaria do servizo muni-



cipal, e permitirá á práctica totalidade do barrio de Vilar de Matos dispoñer do saneamento con conexión ao colector xeral.

Segundo o concelleiro de Medio Ambiente, Santiago Ver-

gara, que visitou as obras xunto á alcaldesa de Tomiño, Sandra González, a obra de maior envergadura é a de Goián, que permitirá a ampliación e mellora da rede de saneamento da parroquia así

coma dotar deste servizo a todo o centro urbano e realizar a separación das augas pluviais das residuais, evitando a saturación da estación depuradora.

As principais intervencións foron as do casco urbano de Goián, Pedra do Couto e a que se vén de iniciar en Vilar de Matos (Forcadela).

A alcaldesa, pola súa banda, salientou que estes investimentos responden ao compromiso do goberno local de levar o saneamento ás parroquias e barrios do casco urbano que aínda non dispoñen deste servizo tan necesario.

Tomiño presentará a última convocatoria "Leader" para proxectos con fondos europeos

O vindeiro día 26 de xaneiro terá lugar no Auditorio de Goián a presentación da Convocatoria de Axudas do Programa "Leader Galiza 2007 - 2013", para a realización de proxectos xestionados con fondos europeos. Trátase da última convocatoria da Unión Europea para este tipo de iniciativas, polo que é especialmente importante que as persoas interesadas acudan á presentación. O obxectivo xeral do programa Leader busca aumentar a competitividade do sector agrogandeiro e forestal; mellorar o medio ambiente e a calidade de vida nas zonas rurais e diversificar a economía rural. O ámbito de actuación está formado por 15 concellos: A Guarda, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Oia, O Porriño, O Rosal, Pazos de Borbén, Redondela, Soutomaior, Tomiño, Tui e Vigo.

## A "Unión del porvenir" recuperou o esplendor da arquitectura indiana que a caracteriza

REDACCIÓN/TOMIÑO

A primeira fase da recuperación da antiga escola indiana "Unión del Porvenir", situada entre as parroquias de Taborda e Piñeiro, foi clausurada coa presenza do Delegado da Xunta de Galicia en Pontevedra, José Manuel Coures Tourís.

O acto de clausura comezou coa visita ao edificio das autoridades, técnicos e veciños/as das parroquias de Taborda e Piñeiro. O percorrido foi guiado polo

director do Obradoiro, Daniel Paz Antón, e o arquitecto responsable da obra, Carlos Álvarez. Este explicou que a filosofía do proxecto foi respectar e dar protagonismo á antiga construción, aínda que se construíu unha parte nova para maior funcionalidade do espazo, no que hai que distinguir entre zona de ocio e locais anexos de traballo e almacén. O arquitecto referiuse ao enorme traballo realizado polo equipo huma-

no do obradoiro, que tivo ao seu cargo dende a demolición da antiga estrutura interna ata a construción da parte nova. "Houbo fases críticas porque o traballo foi durísimo pero todo se resolveu satisfactoriamente", enfatizou. Indicou así mesmo que a reconstrución intentou facerse dun xeito artesanal e tradicional, recuperando por exemplo, as vigas antigas que foron reforzadas con outras novas, de maneira que os elemen-

tos modernos non competiran cos históricos.

A segunda parte do acto de clausura tivo lugar no Auditorio de Goián. Trala proxección dun vídeo realizado coas distintas fases do proxecto, a alcaldesa de Tomiño, Sandra González, agradeceu o esforzo e dedicación de todo o equipo humano do obradoiro de emprego, facendo especial fincapé no feito de que 20 dos 25 alumnos/as eran mulleres. A rexedora agradeceu especialmente a "xenerosidade e visión de futuro dos veciños de Taborda e Piñeiro por acompañar e colaborar nesta recuperación".

A concellería de Deportes organiza un curso de ioga para adultos

A Concellaría de Deportes e Lecer do Concello de Tomiño organiza un curso de ioga para adultos que comeza no mes de xaneiro de 2010. As clases desenvolveranse no Auditorio Municipal de Goián os días luns de 10.00 a 11.30 da mañá, a partir do día 11 de mes de xaneiro de 2010. A concellería establece un mínimo de prazas de 10 alumnos/as e un máximo de 20.



## — breves —

**A exposición de pintura  
“Arritmias” permanece  
aberta no auditorio de Goián**

A exposición pictórica “Arritmias” organizada pola concellaría de Cultura, Educación e Participación Veciñal en colaboración coa Asociación Galega de Arte e Cultura, permanece aberta ata o 10 de xaneiro de 2010, no Auditorio Municipal de Goián, en horario de luns a venres de 09.00 a 13.00 horas. Os artistas reunidos nesta exposición son Antonio Abad (Vigo), Carmen Sevillano (Vigo), Carmen Torres (Santiago de Compostela), Esther Molinero (Cidade Real), Marina Cócós (Pontevedra), Pazo Ramos (Granada), Pepa Mariño (Pontevedra) e Jesús Peireira (Cádiz). A temática e estilos da exposición é igualmente variada, podendo atopar o visitante dende paisaxes ata figuras humanas, pasando por creacións de corte surrealista e impresionista. Por outra banda, a concellaría de Cultura, Educación e Participación Veciñal do concello de Tomiño organizará de forma conxunta coa Asociación Galega de Arte e Cultura (AGAEC), un simposio de arte con motivo da terceira Festa do Kiwi, a celebrarse na segunda semana de maio do vindeiro ano.

**A concellaría de Cultura  
asina un convenio de  
colaboración co Centro  
Cultural de Estás**

A Concellaría de Cultura, Educación e Participación Veciñal do Concello de Tomiño, que dirixe o tenente de alcalde Jesús Castiñeira, asinou un convenio de colaboración coa Asociación Centro Cultural e Deportivo de Estás por valor de 6000 euros, que se adicarán a cofinanciar a mellora e adaptación dalgunhas dependencias do centro para usos culturais e veciñais. Sobre esta achega, Castiñeira destaca o importante esforzo que dende a concellaría e o goberno municipal se está a facer para mellorar os centros sociais nas parroquias, con axudas e inversións en Sobrada, Amorín, San Salvador de Tebra, Forcadela, Taborda-Piñeiro, Tomiño e Goián, e adianta que continuará durante o exercicio de 2010, para o que se ten pensado aumentar a dispoñibilidade de fondos propios. Ermelinda Granada Diego, representante legal da asociación de Estás, foi a encargada de asinar o convenio de colaboración.

**O Parlamento de Galicia aproba a indicación  
xeográfica protexida para o kiwi galego**

REDACCIÓN/TOMIÑO

O Parlamento de Galicia aprobou, na comisión de Agricultura, Gandería e Montes, a demanda de que o kiwi producido en Galicia teña a indicación xeográfica protexida “Kiwi de Galicia”. A deputada do PPdG encargada da defensa da Proposición non de Lei Rosa Oubiña Solla, defendeu no seo da Comisión a importancia desta indicación para manter a rendibilidade da produción de kiwi galego con propiedades idóneas para ser identificado polo consumidor.

Segundo Rosa Oubiña a produción de kiwi acadada en Galicia está preto das 500 hectáreas adicadas ao seu cultivo, das cales 172 están inscritas baixo técnicas de produción integrada, e supón o 65% da produción de España. Estes datos acreditan que na actualidade esta produción está a esperar un gran interese debido ós bos resultados alcanzados tanto no ámbito produtivo como na calida-



de do seus froitos, cun sabor inconfundible (máis acidez) así como a súa cor (máis verdosa que o kiwi foráneo) fan do kiwi galego un produto en alza.

**Tomiño é a zona de  
maior produción de  
kiwi en toda Galicia.**

Para a deputada popular a enorme diferenza entre o consumo e a produción de kiwi en España (se consumen máis de 80 millóns de kilos e en todo o territorio nacional existe unha produción

de tan só 12 millóns) deixa marxe para seguir medrando. Para elo, segundo Rosa Oubiña, é necesario o apoio e a rendibilidade da produción galega que se pode estar motivado en moitas ocasións polo minifundismo que dificulta as novas plantacións, e é preciso facilitar o obxectivo final que consiste en ter un método de medición da calidade do produto que poida colocar ao kiwi galego nas mellores condicións do mercado.

“Trátase dun primeiro paso para potenciar novas plantacións, diferenciar a calidade singular do

kiwi galego e fidelizar aos consumidores que buscan a excelencia desta froita e contar cun DNI da calidade a través da identificación xeográfica protexida” indicou Rosa Oubiña.

Para a deputada popular no contexto do mercado internacional, cada vez máis aberto e competitivo, o sector agrario debe fomentar e potenciar produtos de calidade diferenciada, en sintonía coas demandas dos consumidores e da sociedade en xeral, cada vez máis preocupados polas cuestións relativas a calidade, seguridade e salubridade dos produtos agroalimentarios dirixidos ó consumo.

Esta noticia é de grande importancia para Tomiño que se sitúa como a zona de maior produción de kiwi en toda Galicia.

Tomiño conta co 60% de superficie de plantación de kiwi en Galicia, comunidade na que se contabilizan 500 hectáreas en produción que xeran 6.500 toneladas de fruto ao ano.

**A concellaría de Cultura asina o  
convenio para financiar a restauración  
de cruceiros e lavadoiros**

REDACCIÓN/TOMIÑO

A concellaría de Cultura, Educación e Participación Veciñal asina, coa Asociación de Veciños O Arbol, o convenio que permite financiar a obras de restauración e recuperación dalgunhs Cruceiros e Lavadoiros de Tomiño.

As obras, cuxo financiamento fora comprometido polo tenente-alcalde Jesús Castiñeira, coa Asociación de Veciños O Arbol de Vilachán, desenvolveráse ao longo deste ano, aínda que a tramitación xa se iniciara no 2008 coa petición de licenzas e permisos, tanto a patrimonio como á área de urbanismo da propia entidade local.

A obras supuxeron, entre outras actuacións, a rehabilitación e reforzamento da base dun cruceiro e de varios lavadoiros. Estas actuacións, segundo Castiñeira, completáranse coa recuperación da Fonte do Cholro, pendente de executar a súa segunda fase, que se incluíu no Plan de Actuación da Deputación Provincial e será a esta entidade a quen lle corresponda a súa adxudicación.

No momento da sinatura, o

tenente-alcalde eloxiou o labor da asociación. Segundo palabras textuais: “desde a súa constitución resultou ser unha das máis dinámicas de Tomiño, organizando cursos, festas gastronómicas, actividades culturais, creando unha pequena biblioteca, restaurando patrimonio, presentando iniciativas ante as administracións públicas ou creando unha das páxinas web máis visitadas do municipio (www.oarbol.com)”.

**O financiamento  
municipal supón o  
80% do custo total**

Pola súa banda, Modesto Rouco Fonseca, presidente da Federación de Veciños e encargado de asinar o Convenio, en representación da Asociación O Arbol, agradeceu a colaboración que desde a concellaría de Cultura véñse mantendo coas distintas asociacións, aproveitando para pedir que no 2010 se manteñan as axudas e se deseen circuitos culturais para as parroquias, con actividades que se poidan rotar nos distintos centros sociais.

**A concellaría de medio ambiente  
emprende as obras para abastecer  
de auga ao pavillón de Sobrada**

REDACCIÓN/TOMIÑO

A concellaría de Medio Ambiente do Concello de Tomiño, dentro do Plan de Mellora de Abastecemento levado a cabo nas parroquias dende o inicio da lexislatura, vén de emprender a construción dun pozo con bombeo para subministrar auga ao pavillón de Sobrada.

O concelleiro da área, Santiago Vergara, salientou a colaboración permanente da comunidade de montes para sacar adiante as obras. Miguel Domínguez, tesoureiro da comunidade, pola súa banda, agradeceu o apoio da concellaría reiterando a súa disposición para máis actuacións deste tipo.

O Plan de Mellora de Abastecemento foi incrementando a súa dotación ao longo da lexislatura, de maneira que en 2009 investíuse un total superior aos 40.000 euros, que permitiron a

construción dun novo depósito en Carballeda (Tebra); unha importante mellora en extensión na rede de Vilar e Vilachán, ademais doutras actuacións en parroquias coma a de Piñeiro.

O responsable da concellaría explicou que a previsión do Concello para o ano 2010 é continuar estas actuacións cun investimento municipal que superará os 50.000 euros. Ademais, a concellaría espera contar co apoio da Xunta de Galicia para a construción dun novo depósito que permita rematar cos problemas de falta de presión no subministro na zona do Seixo.

Medio Ambiente ten previsto tamén colaborar coas traídas de auga de Sobrada, especialmente a través de asesoramento e reposición dos servizos que puideran verse afectados a causa das obras do tramo 1 do val de alta capacidade entre Tui e A Guarda.

# A Guarda conta xa cunha alameda totalmente renovada

REDACCIÓN/AGUARDA

O pasado día 18 de decembro, ás 18 horas, celebrouse a inauguración da nova alameda de A Guarda. Por mor do tempo, os actos preliminares leváronse a cabo no salón de actos do Centro Cultural.

Asistiron o Delegado do Goberno en Galicia, Antón Louro, o Subdelegado do Goberno en Pontevedra, Delfín Fernández, o Alcalde de A Guarda, José Manuel Domínguez Freitas e unha nutrida representación de concelleiros, representantes de colectivos de toda índole e público en xeral.

O Delegado do Goberno na súa intervención destacou o papel dinamizador que tivo o Fondo Estatal, coñecido como Plan Zapatero, no fomento de emprego así como a xestión levada a cabo polos concellos. O Alcalde fixo alusión ó reto que supoñía a remodelación da Alameda para



convertila no punto de encontro de tódolos guardeses e dixo que nuns meses estaría en todo o seu esplendor.

O acto contou coas interpretacións musicais de Toñi Santos, acompañada ó piano por Laura González, e de Tino Baz.

Despois, autoridades e asistentes desprazáronse ata a Alameda, para cortar a cinta e facer un recorrido completo polas novas instalacións.

## 'Muda o escaparate' con ACIGU

Asociación de Empresarios da Guarda, ACIGU CCA promocionou con motivo da campaña de Nadal ACIGU, a actividade "Muda o escaparate" que entende o escaparate como espazo creativo, clave para potenciar a imaxe dun negocio. O proxecto de ACIGU de promoción e dinamización do comercio local, leva ao comercio guardés a profesionalizar os seus escaparates como reclamo de cara ao cliente, cun bo deseño, cuidada decoración e aproveitamento do espazo, que con motivo das festas do nadal é tan importante para este sector. Nesta nova edición, foron máis de 20 os asociados de ACIGU que requiriron do servizo gratuito de transformación do escaparate, para dar unha imaxe do nadal atractiva e fomentar as vendas cunha cuidada exposición dos artigos.

## ACIGU aposta por actividades de lecer para os máis pequenos durante estas festas do nadal

Durante o nadal, Papa Noel estivo presente na festa infantil que ACIGU CCA organizou no patio do colexio Somascos. Estivo acompañado en todo momento por un axudante que se encargou da entrega de globos e bolsas de gominolas aos máis de 500 nenos que gozaron da festa e que esgotaron as existencias. Os máis pequenos pasaron as horas en diversas actividades e talleres. Nos inchables instalados no patio cuberto do colexio, os nenos parecían incansables, tamén tiveron ocasión de maquillarse a cara con estrelas e árbores de nadal, de escribir a carta a Papa Noel e levala á caixa de correo instalada para a ocasión e de debuxar postais de nadal. Os maiores participaron no sorteo de 4 lotes do nadal sorteados no mesmo recinto, cos vales que se recollían ao efectuar as compras nos establecementos asociados. Durante a tarde do martes día 29, na carpa da alameda, ACIGU CCA organizou a tradicional Chocولاتada do Nadal e o 4 xaneiro, foron os Reis Magos os que estiveron presentes no patio de Somascos, para recibir a todos os nenos e nenas. ACIGU CCA, agradeceu a colaboración aos seus asociados.

# Montse Prado Cores defendeu na Guarda a democratización e posta ao servizo do País das Caixas de Aforro galegas

REDACCIÓN/AGUARDA

A Secretaria de Organización do BNG, Montse Prado Cores, participou na Guarda nun acto público sobre as caixas de aforro e o futuro da economía de Galiza no que sinalou que a posición de País impulsada polo BNG levou ao Goberno da Xunta a moverse cara as posicións da organización nacionalista.

Nesta charla, na que estivo acompañada polo Portavoz Municipal do BNG na Guarda, Xan Lois Lomba, aclarou que "o cerne da cuestión é a que se vai destinar o aforro das galegas e galegos: a Galiza ou a financiar o desenvolvemento doutros territorios do Estado".

Segundo indicou a Secretaria de Organización do BNG, as alternativas reais para o futuro das caixas galegas son unha fusión das caixas galegas entre si ou a fusión das caixas galegas con entidades foráneas. "A día de hoxe ninguén plantexa a posibilidade de que as caixas fiquen na súa situación actual", engadiu, "xa que calquera posibilidade de optar aos caudais do Fondo de Reestruturación Ordenada Banca



ria (FROB) para solucionar a delicada situación financeira das caixas galegas esixe ir a procesos de fusión".

Montse Prado explicou que a moción do BNG que foi aprobada polo Parlamento Galego marcou claramente o camiño a seguir nesta cuestión: Primeiro garantir que os centros de decisión das caixas fiquen en Galiza e segundo elaborar unha nova lei de caixas que garanta a posta ao servizo do País das mesmas. Do mesmo xeito lembrou que a única lei de caixas que se registrou

no Parlamento na presente lexislatura foi a presentada polo grupo nacionalista, que acabou por ser tomada en consideración polo Parlamento grazas ao traballo político do BNG.

Durante a quenda de intervencións do numeroso público asistente Montse Prado advertiu de que a fusión é o primeiro paso para manter o centro de decisión das caixas en Galiza, mais para garantir que isto non cambie no futuro é fundamental que a nova Lei de Caixas blinde a capacidade de decisión de Galiza.

## Ruta do Camiño portugués da costa o 10 de xaneiro

REDACCIÓN/AGUARDA

O pasado día 20 de decembro tivo lugar a primeira Ruta do Camiño Portugués da Costa no concello da Guarda dirixida a veciños e interesados. Esta iniciativa tivo unha excelente acollida por parte de veciños e demais, xa que, o número de inscricións recollidas cubriu o cupo establecido polo que a concellería de Turismo e de Patrimonio decidiu convocar unha segunda ruta para que todos interesados poidan coñecer o tramo do Camiño Portugués da Costa na Guarda. A data escollida é o domingo 10 de xaneiro para non interromper os compromisos e nas actividades das Festas de Nadal. A ruta tamén será guiada e haberá un autobús que recollerá aos participantes ao final do recorrido que serán uns 9 km e a duración aproximada será de tres horas.

O punto de encontro será o embarcador do Ferri a ribeiras do Miño no Pasaxe ás 10 da mañá. As inscricións poden facerse ata o 8 de xaneiro.

## — breves —

**A asociación 'Ábaco' entrega os premios da II Ruta da Tapa**

O día 10 de decembro as 20:30 horas da tarde celebrouse nas Oficinas de 'Ábaco' a entrega de premios da "II Ruta da Tapa" que tivo lugar nos concellos de A Guarda e O Rosal cunha representación de 24 establecementos de hostalaría. Por rematar a "II Ruta da Tapa" cos 24 selos dos establecementos fíxose entrega dun kit de Cervexa Amstel e unha botella de sidra, ademais todos eles entraron no sorteo dos diferentes premios: Unha fin de semana no Talaso Atlántico, unha fin de semana nunha casa rural da Asociación Agarimo e máis de 400 € repartidos en vales de consumición de 20, 10 e 5 €. Todos aqueles que non poideron asistir á entrega de premios, poderán pasar a recoller o seu premio nas oficinas da Asociación 'Ábaco' en horario de luns a venres de 9:00 a 13:00 e de 16:00 a 19:00 pola tarde.

**Torneo Baloncesto 3x3 Mixto**

O día 2 de xaneiro de 2010, e dentro do conxunto de actividades do Nadal que se desenvolven por parte do Concello da Guarda, celebrouse o I Torneo de Baloncesto 3X3 Mixto Concello da Guarda. O Torneo disputouse na pista de baloncesto do Centro Cultural, dando comezo ás 10.00 da mañá. A organización reservouse o dereito a modificar a duración dos partidos, coa intención de axilizar o torneo. Cada equipo estivo formado por 4 participantes, un dos cales empezaba como suplente, era obrigatorio que fose mixto. Os xogadores non podían estar inscritos en máis dun equipo. As inscricións realizáronse no Concello, cumprimentando a ficha de inscrición e entregando unha fotocopia do DNI dos integrantes de cada equipo. A data tope de inscrición pechouse o martes 29 de decembro.

**O BNG propón incluír a praza de abastos no Fondo Estatal de Investimento Local 2010**

REDACCIÓN/AGUARDA

O BNG considera esta obra como unha actuación destinada a promocionar a actividade económica non só da praza de abastos se non da zona que a rodea pola dinámica comercial que xenera.

O portavoz municipal do BNG, Xan Lois Lomba, anunciou diante dos representantes e comerciantes da praza de abastos a proposta da forza nacionalista de incluír a remodelación da praza de abastos da Guarda no Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local 2010.

O Fondo Estatal 2010 contempla unha inversión para o concello da Guarda de 1.124.749 €. Dentro das obras que se poden financiar están aquelas destinadas á promoción da actividade económica.

Para o BNG, o pequeno e mediano comercio ten unha función social importantísima, é unha das principais fontes xeradoras de emprego no país e axuda a fixar poboación tanto nas vilas co-



O portavoz municipal do BNG, Xan Lois Lomba, anunciou diante dos representantes e comerciantes da praza de abastos a proposta da forza nacionalista

mo no rural, sendo as prazas un exemplo de puntos de dinamización e vertebración do comercio.

Os comerciantes da Praza de Abastos da Guarda son conscientes da necesidade dunhas instalacións acordes coa realidade actual, onde o pequeno e mediano comercio ten que competir

con criterios de calidade, en instalacións modernas e que cumpran todos os requisitos que a lei e os consumidores esixen.

O BNG considera esta obra como unha actuación destinada a promocionar a actividade económica que vai máis aló da propio recinto da praza, dado que a zona

que a rodea veríase beneficiada pola dinámica comercial que xera.

Os comerciantes amosaron o seu apoio á iniciativa presentada polo BNG para ser incluída dentro do Fondo de Investimento Local 2010 adicado ao Concello da Guarda.

**O pleno da Guarda insta a Xunta a que implante un Servizo de Radioloxía na Guarda**

REDACCIÓN/AGUARDA

A moción presentada polo BNG sobre a implantación dun Servizo de Radioloxía do Centro de Saúde da Guarda foi aprobada por unanimidade.

O BNG presentou unha moción onde se insta á Xunta e Galiza a que implante un Servizo de Radioloxía no Centro de Saúde da Guarda.

Os nacionalistas puxeron de manifesto a falta de servizos que leva arrastrando o Centro de Saúde que está afectando á calidade de atención sanitaria na localidade. Entre eles, está a inexistencia dun Servizo de Radioloxía, obrigando aos pacientes a desprazarse a Vigo, cos trastornos e gastos que isto xera. A día de hoxe, a



única alternativa que existe no concello é acudir á medicina privada, co gasto económico que isto suón. Dende o BNG estase levando unha campaña co obxectivo de conseguir que o Servizo de Radioloxía sexa unha realidade

canto antes; así, presentou unha iniciativa no Parlamento galego e unha moción no concello da Guarda na que se insta á Xunta de Galiza á que se implante dito servizo. A moción presentada polos nacionalistas foi aprobada

pola unanimidade dos concelleiros e concelleiras do pleno.

O BNG acredita nunha sanidade pública e de calidade polo que seguirá loitando pola a mellora dos servizos sanitarios na Guarda.



Distribuidor Oficial para:  
CALEFACCIÓN, INDUSTRIAL E AUTOMOCIÓN  
- SERVICIO A DOMICILIO -



Tlf. e Fax: 986 61 43 12  
Rosalía de Castro, 3 A GUARDA



Tlf.: 986 66 13 90 - Fax: 986 66 13 89  
Rúa Real, s/n PONTEAREAS

## A asociación de discapacitados Vontade presenta a curta : "Para cando conten comigo"

REDACCIÓN/TUI

A asociación de discapacitados do Baixo Miño Vontade presentou o Día Internacional da Discapacidade no Museo Municipal de Tui, o curto "Para cando conten comigo"- dirixido por Xes Chapela de Zoa Media e interpretado integramente por persoas con algún tipo de discapacidade, todos eles membros da asociación. Con este novo reto Vontade quere achegar ao público a realidade social e as barreiras coas que lle encontran día a día as persoas nesta situación. É por isto que temos elixido o Día Mundial da Discapacidade para facer a gran estrea desta peza cinematográfica rodeira nun supermercado de Sanguñeda (Mos) durante o pasado mes de outubro.

Susana Barbosa, Raquel Daponte, Sergio Fernández, Isabel Gómez, Luciano Iglesias, Mercedes Lago, Santiago Lorenzo, Jose Antonio Mariño, Mar Méndez, Marí Carmen Pellón, Joaquín Pérez, José Seoares Julio



Vicente, Araceli Vila, Antonia Fernández, entre outros son as personaxes principais da trama, que narra unha situación que para moitos podería ser cotiá pero que para eles e elas se converte en toda unha aventura. Unha ollada máis alá da discapacidade na que encontramos capacidades e calidades que para moitos/as non discapacitados/as podan pasar desapercibidas.

Foi tan só un dos actos conmemorativos que organizou Vontade para celebrar este día. As 18.00h, no Paseo da Corredeira, os membros da asociación realizaron unha "liberación"

simbólica de globos con mensaxes sobre a importancia de eliminar as barreiras que os separan dunha vida máis fácil.

### Vontade

A Asociación Vontade foi formada por un grupo de persoas con discapacidade da zona do Baixo Miño o día 8 de outubro do 2003. Contou na súa Asemblea Constituínte co aval de 79 socios fundadores. Baseando as actuacións destes anos no transporte adaptado, formación específica, eliminación das barreiras arquitectónicas e integración no mundo laboral.

## Tui ilumínase para o Nadal

REDACCIÓN/TUI

Tui loce xa o alumeado de Nadal que foi acendido o pasado martes, 8 de decembro, e que iluminará a cidade nestas datas até o 6 de xaneiro. Un ano máis o alumeado é espectacular e chama a atención tanto dos tuidenses coma dos visitantes da cidade.

O concello investiu neste alumeado 48.546 euros considerando que o mesmo repercute favorablemente no comercio local coma explicaba o Concelleiro de Cultura e Fandada, Moisés Rodríguez.

En total instaláronse 132 arcos ou motivos en case unha trintena de rúas da cidade. Nos mesmos empréganse lámpadas led que consumen un 80% que a bombilla tradicional, co que se baixa significativamente o consumo eléctrico. Compre salientar que este ano incrementáronse o número de rúas iluminadas cara a zona nova da cidade. Estrelas e anxos dominan nos motivos colocados, que se complementan coa ilu-

minación das árbores do Paseo da Corredoira con pequenas bombillas e con outras que semellan estrelas fugaces. Un ano máis chama a atención o Palco da Música, ou o abeto situado na intersección entre o Paseo da Corredoira e a Avenida da Concordia con máis de 200 estrelas de microlámpadas.

### Instaláronse 132 arcos nunha trintena de rúas

A iluminación navideña vén acompañada amais de ambientación musical nas rúas, o que contribúe a ambientar estas datas.

Moisés Rodríguez destaca que "o alumeado sorprendeunos a todo" elixiando a súa vistosidade. Fíxo fincapé que pese a situación de crise consideran que o alumeado de Nadal é un investimento que repercute positivamente no comercio local e no ambiente da cidade afirmando que "eu creio que é necesario".



## Entrega de premios aos gañadores do III concurso de beléns do concello do Rosal

REDACCIÓN/OROSAL

O pasado venres 18 de decembro tivo lugar no Centro Social Polivalente a entrega de premios aos gañadores do III Concurso de Beléns organizado pola concellaría de Cultura e a Oficina de Información Xuvenil do Rosal.

Na categoría infantil-xuvenil o Belén gañador cun lote de libros foi "Outro xeito de mirar a televisión", presentado polo Grupo de Iniciación Musical da Agrupación Musical do Rosal.

Na categoría adulto os Beléns gañadores -cuxo premio foi un vale de compra por valor de 50 euros para cada un no comercio do Rosal- resultaron ser os presentados pola veciña rosaleira Ana Mª Salaberri Ituarte, con "Rústico" e o guardés José Miguel Márquez Álvarez, con "Lábranza Galega".

A concelleira de Turismo, Ángeles Vicente Manzano, foi a encargada de repartir entre os vencedores os premios deste III Concurso de Beléns do Rosal.

## Certame de corais en Santa Mª de Oia

REDACCIÓN/OIA

A Coral Polifónica Vagalume de Oia organiza o Certame de Corais na Igrexa Parroquial de Santa María de Oia o 6 de xaneiro ás 6:00 da tarde. As corais que actúan son: Coral Polifónica da Cañiza, Coral Polifónica de San Pedro Domayo de Moaña, Coral Polifónica Vagalume de Oia. Colaboran a Comunidade de Montes e o Concello de Oia.

### Certame de corais no Centro Cultural de Viladesuso

O 3 de xaneiro a Asociación Veciñal de Viladesuso celebrou o Certame de Corais no C. Cultural de Viladesuso.

## Vertidos no entorno do campo de Fútbol de Ribadelouro



REDACCIÓN/TUI

O BNG presentou no rexistro do concello de Tui unha solicitude na que insta ao Concello a verificar a legalidade dos vertidos que se están a producir no entorno do campo de Fútbol de Ribadelouro.

O BNG de Tui, tendo coñecemento de que existen varios vertedoiros de entullos no entorno do Campo de fútbol de Ribadelouro e sabendo con certeza que alí se producen vertidos na actualidade, instou

ao Goberno do Partido Popular de Tui a que verifique si a actividade de verter toneladas de escombros no lugar é legal ou ilegal. O BNG de Tui tamén solicitou do Concello que, de ser ilegais estes vertidos, se tomen as medidas oportunas, en primeiro lugar, para que deixen de realizarse e, en segundo termo, para que se limpe a zona de escombros e se devolva ó monte de Ribadelouro a unhas condicións medioambientais básicas.

entérate de todo en...

**A Peneira**

www.apeneira.com

CATEDRAL

R. Seixas

corredoira

TAPAS e VINHOS

WWW.TAPASEVIÑOS.COM

TAPAS.VINHOS@GMAIL.COM

986 604 132 Rúa seixas - TUI

**Km peluquería**

C/. Martínez Padín, II bajo - 36700 TUI (Pontevedra)

Teléfono: 986 603 314 (cita previa)

kmpeluqueria@gmail.com

www.peluqueriakm.galeon.com



Este Xornal faise con papel reciclado

Director: Guillermo Rodríguez Fdez. Edita: EDICIÓN A PENEIRA CONDADO S.A. - Enderezo: Sarmiento Rivera, 17- 36860 PONTEAREAS (Galiza)  
Tel./ Fax: 986 66 09 86 - Publicidade: Departamento propio - Montaxe e deseño: Obradoiro A Peneira  
Impresión: Tameiga Publicacións /Mos - TIF: 986 48 74 80 - Depósito Legal: OR/57/84



## A concellería de Deportes organiza o I Torneo de Tenis de Mesa concello de Tomiño

REDACCIÓN/TOMIÑO

A Concellaría de Deportes e Lecer do Concello de Tomiño organiza en colaboración coa Agrupación Deportiva Baixo Miño (AGRUDEBAM) o I Torneo de Tenis de Mesa Concello de Tomiño, que terá lugar os sábados 23 e 30 de xaneiro no Pavillón de Tomiño. As persoas interesadas terán como prazo para apuntarse ata o día 19 de xaneiro en horario de mañá, ou ben, chamando ao teléfono 986 622 988.

Para poder participar establécese unha idade mínima de 15 anos e un número de prazas de entre 10 e 24 xogadores/as.

Haberá premios para os tres primeiros clasificados ou clasificadas (trofeo máis 100, 80 e 60 euros respectivamente) e o resto de participantes recibirán un agasallo. O sorteo da orde de participación terá lugar o venres 22 de xaneiro ás 21.00 horas no pavillón de deportes tomiñés.

O concelleiro de Deportes, Fernando Álvarez, explicou que este torneo encádrase no marco do traballo que vén desenvolvendo a concellería coa finalidade de ampliar e diversificar a oferta deportiva do Concello. Nesta mesma liña, celebrouse hai uns días o segundo torneo de tenis, no que participaron numerosas persoas da localidade e zona de influencia.

## A plataforma Queremos Galego do Baixo-Miño envía 1.000 postais ao Presidente da Xunta para que en 2010 tamén el queira galego

REDACCIÓN/BAIXOMIÑO

Representantes das diversas entidades que conforman a plataforma na comarca do Baixo-Miño realizaron unha concentración na oficina de correos de Tomiño.

En tan só dez días a plataforma Queremos Galego do Baixo-Miño recolleu máis de 1.000 postais asinadas por outras tantas persoas que foron entregadas polos representantes das asociacións e organizacións que conforman a plataforma na oficina de correos de Tomiño. Segundo expresou o músico guardés Tino Baz, portavoz de Queremos Galego no Baixo-Miño

“con este acto pretendemos estender a inmensa marea social en defensa do noso idioma e obrigar ao presidente cando menos a que escoite o sentir dunha ampla maioría social en defensa do idioma de todas e todos”.

Promovendo este envío masivo de postais- engadiu Tino Baz- Queremos Galego quérelle achegar ao titular do goberno galego os bos desexos da inmensa maioría do noso pobo para que no ano 2010 “el tamén queira galego” e, en consecuencia, modifique de vez a súa política lingüística causante de división, crispación e en-



Tino Baz, portavoz de Queremos Galego no Baixo-Miño durante o envío

frontamento. A plataforma aproveitou o acto para anunciar que nos próximos días distribuirá por toda a comarca tamén de xeito masivo adhesivos para pór no automóbil e bandeirolas co lema “Que-

remos Galego”, animando á súa exhibición en fiestras, balcóns, comercios, centros de traballo e todo tipo de espazos onde se poida visualizar “que o pobo galego quere a súa lingua propia”.

